

**HOXE IGUAL QUE ONTE:
A DISCRIMINACIÓN DO ALUMNADO RURAL É UNHA REALIDADE
NO SISTEMA EDUCATIVO GALEGO**

- **O IV ENCONTRO DE DEBATE SOBRE A EDUCACIÓN NO MEDIO RURAL**, organizado por NOVA ESCOLA GALEGA, terá lugar en Boimorto os días 6 e 7 de novembro.
- **A discriminación do alumnado procedente do medio rural segue sendo unha realidade no sistema educativo galego segundo se desprende de estudos como o realizado polo Dr. Prado Conde para a Universitat Autònoma de Barcelona na comarca da Terra de Melide.**
- **O que sucede é que o sistema educativo deséñase sempre desde unha óptica urbana, esquecendo sistematicamente o mundo rural e os saberes que este atesoura.**
- **O debate sobre o ensino no medio rural tórnase especialmente pertinente nun momento en que o sistema educativo comeza a avaliar o alumnado tamén polo grao de adquisición de competencias básicas para se desenvolver na vida.**
- **O Encontro está concibido como un foro onde serán postas en común un total de 10 experiencias educativas de diferentes centros rurais galegos.**
- **A conferencia inaugural do Encontro, baixo o título “Situación actual no medio rural”, será pronunciada por Antonio Oca Fernández, ex-Director Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.**

Boimorto, 27 de outubro de 2009

As instalacións da Casa da Cultura de Boimorto acollerán os próximos 6 e 7 de novembro O IV ENCONTRO DE DEBATE SOBRE A EDUCACIÓN NO MEDIO RURAL, que nesta ocasión leva como subtítulo “Acadando as competencias básicas”. O Encontro, organizado polo movemento de renovación pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA, está dirixido a profesionais da educación de todo o país e contará coa asistencia dunhas 80 persoas..

O lugar escollido para celebrar a actividade, Boimorto, reúne todas as condicións para servir de sede ao evento, toda vez que se trata dun concello estritamente rural, onde se padecen actualmente os mesmos problemas que son comúns a calquera lugar do medio rural galego (despoboación, envellecemento, carencias de servizos...). Pero trátase tamén dun concello próximo á Terra de Melide, comarca esta onde se ten levado a cabo un estudo pioneiro sobre a discriminación do alumnado de procedencia rural por parte do sistema educativo. En efecto, o Doutor Santiago Prado Conde desenvolveu nesta comarca o traballo de campo para unha investigación defendida na Universitat Autònoma de Barcelona na que se comprobou que, en efecto e talvez igual hoxe que onte, o alumnado rural teno máis difícil que o vilego/urbano para superar con éxito o seu paso pola escola. Unha síntese desta investigación, que recibiu o “Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais – 2007” está publicada pola Editorial Sotelo Blanco baixo o título *Novas minorías nas institucións educativas*.

O resultado desta e doutras investigacións non veñen máis que demostrar o que moitos educadores e educadoras intúen no seu día a día de traballo con alumnado de

procedencia rural. O sistema educativo está concibido desde unha óptica urbana e rara vez valora os coñecementos previos e o saber *rural* co que o alumnado chega á escola. É precisamente nun momento no que o alumnado comeza tamén a ser avaliado polo grao de adquisición de competencias básicas para se desenvolver na vida, cando se torna máis necesario debater sobre cales son, precisamente, os novos enfoques que debe adoitar o ensino en contextos rurais para que o alumnado non-urbano non se vexa discriminado.

O IV Encontro de Debate sobre a Educación no Medio Rural está concibido fundamentalmente como un foro de intercambio de experiencias desenvolvidas en diferentes centros de Galicia, e serán postos en común ata un total de 10 proxectos levados a cabo en centros rurais. A actividade iniciárase cunha conferencia sobre a situación actual do medio rural –nun momento cheo de incertezas e inseguridades, transmitidas dun xeito inconsciente aos nenos e nenas- impartida por Antonio Oca Fernández, ex-Director Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. A última das sesións consistirá dunha mesa redonda coa intervención de Santiago Prado Conde, antropólogo autor da investigación citada, de Xosé Ramos Rodríguez, pedagogo e orientador do IES de Arzúa, e de Carme Barreiro Nouche, nai de tres alumnos rurais. Nesta mesa redonda discutirase precisamente sobre que competencias deben ser especialmente traballadas no medio rural.

O Encontro de Boimorto é o cuarto dunha serie iniciada por NOVA ESCOLA GALEGA en Santiago de Compostela e continuada despois en Chantada e na Capela. A el agárdase que asistan educadores e educadoras procedentes de todo Galicia. A actividade, por outra parte, conta coa colaboración do Concello de Boimorto e do Centro Público Integrado “Cotarelo Valledor” desta localidade, e será o propio Alcalde, José Ignacio Portos Vázquez, quen presida o acto de inauguración.

Achégase o programa completo do Encontro.

Contactos coa organización:

Nova Escola Galega: 981 562 577

Páxina web: www.nova-escola-galega.org

Correo-e: neg@mun-do-r.com

A CRÍTICA SITUACIÓN QUE VIVE O MEDIO RURAL GALEGO SERÁ ANALIZADA ESTA FIN DE SEMANA EN BOIMORTO

- **Antonio Oca Fernández, ex-Director Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria inauguraré o IV ENCONTRO DE DEBATE SOBRE A EDUCACIÓN NO MEDIO RURAL, cunha conferencia onde intentará analizar a situación actual no medio rural galego.**
- **O Encontro, organizado por NOVA ESCOLA GALEGA, terá lugar en Boimorto os días 6 e 7 de novembro e nel serán expostas un total de dez experiencias didácticas desenvolvidas en escolas e institutos rurais galegos.**
- **A discriminación do alumnado procedente do medio rural segue sendo unha realidade no sistema educativo galego segundo se desprende de estudos como o realizado polo Dr. Prado Conde para a Universitat Autònoma de Barcelona na comarca da Terra de Melide. Este investigador intervirá tamén nunha mesa redonda durante o Encontro.**
- **O que sucede é que o sistema educativo deséñase sempre desde unha óptica urbana, esquecendo sistematicamente o mundo rural e os saberes que este atesoura.**
- **O debate sobre o ensino no medio rural tórnase especialmente pertinente nun momento en que o sistema educativo comeza a avaliar o alumnado tamén polo grao de adquisición de competencias básicas para se desenvolver na vida.**

Boimorto, 5 de novembro de 2009

As instalacións da Casa da Cultura de Boimorto acollerán este venres e sábado, 6 e 7 de novembro, O IV ENCONTRO DE DEBATE SOBRE A EDUCACIÓN NO MEDIO RURAL, que nesta ocasión leva como subtítulo “Acadando as competencias básicas”. O Encontro, organizado polo movemento de renovación pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA, está dirixido a profesionais da educación de todo o país e contará coa asistencia dunhas 80 persoas.

Despois dos celebrados, respectivamente, en Santiago, Chantada e A Capela, este IV Encontro de Debate sobre a Educación no Medio Rural está concibido fundamentalmente como un foro de intercambio de experiencias desenvolvidas en diferentes centros de Galicia, e nel serán postos en común ata un total de 10 proxectos levados a cabo en centros rurais. Previamente, a actividade inaugurarase cunha conferencia sobre a situación actual do medio rural –nun momento cheo de incertezas e inseguridades, transmitidas dun xeito inconsciente aos nenos e nenas- impartida por Antonio Oca Fernández, ex-Director Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

Algunhas investigacións desenvolvidas en Galicia veñen demostrar que o sistema educativo está concibido desde unha óptica urbana e rara vez valora os coñecementos previos e o saber *rural* co que o alumnado chega á escola. Precisamente nun momento no que o alumnado comeza tamén a ser avaliado polo grao de adquisición de competencias básicas para se desenvolver na vida, é cando se torna máis necesario

debater sobre cales son os novos enfoques que debe adoitar o ensino en contextos rurais para que o alumnado non-urbano non se vexa discriminado.

A última das sesións consistirá dunha mesa redonda coa intervención de Santiago Prado Conde, antropólogo autor dunha investigación de campo desenvolvida na Terra de Melide sobre a cuestión, de Xosé Ramos Rodríguez, pedagogo e orientador do IES de Arzúa, e de Carme Barreiro Nouche, nai de tres alumnos rurais. Nesta mesa redonda discutirase precisamente sobre que competencias deben ser especialmente traballadas no medio rural.

O Encontro de Boimorto é o cuarto dunha serie iniciada por NOVA ESCOLA GALEGA en Santiago de Compostela e continuada despois en Chantada e na Capela. A el agárdase que asistan educadores e educadoras procedentes de todo Galicia. A actividade, por outra parte, conta coa colaboración do Concello de Boimorto e do Centro Público Integrado “Cotarelo Valledor” desta localidade, e será o propio Alcalde, José Ignacio Portos Vázquez, quen presida o acto de inauguración.

Achégase o programa completo do Encontro e dúas fotografías relativas ao medio rural.

Contactos coa organización:

Nova Escola Galega: 981 562 577

Páxina web: www.nova-escola-galega.org

Correo-e: neg@mundo-r.com